

De fantasmas

A chegarse a un texto de Agustín Fernández Paz supón unha incursión no sempre especial mundo dos cativos. Un mundo de soños e de medos, de felicidade e de angustias, de inocencia, de inxenuidade... e de imaxinación desbordante que leva aos pequenos a crear universos propios, quizais ilóxicos á vista dos adultos, pero moi racionais para eles.

A fascinación que sobre o que nos rodea verten os nenos é para Fernández Paz motivo suficiente para argallar unha historia na que teñen cabida estraños comportamentos, nobres sentimentos, curiosas interpretacións ou sorprendentes reaccións. Dende a perspectiva dos pequenos todo é posible e, a miúdo, a mestura de realidade e fantasía é para eles unha operación mental practicamente inconsciente.

Unha boa mostra destes comportamentos e actitudes témola en *Fantasmas no corredor*, unha das últimas entregas do vilalvés Fernández Paz e que vén a engrosar a lista de libros publicados e polos que ten recibido numerosos premios.

Con coidada expresión



MARÍA NAVARRO



O cambio de domicilio de Mariña e a súa familia a unha casa grande e

antiga crea na rapaza a ilusión de que no corredor hai fantasmas ás que ela denomina 'stundas'®, que se esconden iso si, nas paredes ao mínimo ruído ou movemento, pero existir, existen. Na procura dunha proba que demostre tal existencia, Mariña argalla todo tipo de técnicas-trampa de escasa efectividade e que provocarán nos pais unha reacción contraria á desexada. E como adoita suceder nestes casos un día case por descoido sente que eses seres que só ela percibe decidiron quedar para sempre escondidos tras as paredes.

Unha vez máis atopamos nesta novela publicada por Edicións Xerais de Galicia na colección "Merlín" constantes da obra agustiniá: a protagonista feminina, a familia ideal ou mesmo a madurez que amosan os personaxes para enfrontarse a situacións adversas e todo isto aderezado cunha coidada e sinxela expresión que basea o seu atractivo nunha intencionada inxenuidade que sen dúbida captará a atención dos rapaces que é ao fin e ao cabo do que se trata.

FERNÁNDEZ PAZ, Agustín,
Fantasmas no corredor, Ed.
Xerais, Vigo, 2006, 60 páxinas